

# CONCERTO de CORAIS NADAL 2019

**CORAL RENFE DE MONFORTE**

**CORAL VOCES E CORDAS DE  
SOBRADO DO BISPO**

**CORAL POLIFÓNICA DE MONFORTE**

---

sábado 21 de decembro ás 20:00 h  
Igrexa Nosa Señora da Antiga Colexio Escolapios

---

Organiza:

Colabora:



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS



PP. Escolapios  
Monforte de Lemos

## CORAL RENFE DE MONFORTE



A Coral Renfe foi creada o 10 de marzo do 1.960; a iniciativa partiu dun grupo de ferroviarios pertencentes ó extinguido Coro de Monforte que encabezados por D. GERMAN ARIAS ANDRES fundou e dirixiu a Coral ata o ano 1.992; durante os dous seguintes anos foi dirixida por D. ALFONSO CAMPOS PEREZ; perante 20 meses as tarefas de dirección recaeron en D. XOAN ANTON VAZQUEZ CASAS, de novo D. ALFONSO CAMPOS seguiu nesta tarefa ata principios do ano 2.000 no que se fixo cargo D<sup>a</sup>. SARA SOMOZA VILA. Posteriormente, e durante dous anos D<sup>a</sup>. EVA MARCOS LOPEZ foi a responsable da dirección da Coral, dende o ano 2.005 a responsabilidade da dirección recae no xove D. ADRIAN REAL; durante uns meses D<sup>a</sup> BEATRIZ VAZQUEZ desempeñou esta labor e dende estes últimos 5 anos e D<sup>a</sup> ANTOANETA EVDOSIEVA GRUDEVA a directora titular da Coral.

O longo dos máis de 59 anos de existencia a Coral Renfe dispuxo de Grupo de Danzas, Grupo de Gaitas e un importante Grupo Artístico; así mesmo ó longo de todos estes anos realizou aproximadamente unhas 1200 actuacións e interpretou máis de 500 obras musicais de todos os estilos, clásica, sacra, moderna, panxoliñas, doutras nacionalidades e idiomas pero sobre todo rexional galega. Ten actuado en todas as capitais e cidades máis importantes de Galicia; tamén o fixo en Madrid, Barcelona, Valencia, León, Gijón, Oviedo, Zaragoza, Palencia, Zamora, Ponferrada, no centenario da inauguración da chegada do ferrocarril a Monforte no ano 1983, na Primeira Feira Internacional de Folclore e Artesanía das Illas Canarias celebrada en Lanzarote; participou en catro ocasións no Certamen Internacional de Música Sacra organizado pola Universidad Pontificia de Salamanca; participou no Centenario do Colexio Ferroviario de Monforte en 2007 así como na celebración do 125 Aniversario da chegada do Ferrocarril a Monforte no 2008. Asistiu en trece ocasións as Europeades celebradas en Bélxica (tres veces), Austria, Suíza (dúas veces), Francia (dúas veces) Alemaña, Portugal e nas cidades españolas de Valencia, Marbella e Gijón. Participou en tres edicións nos Certames de Panxoliñas que organiza Caixanova en Vigo e A Coruña. Ten editado o C.D. – Entre Amigos- e todos os anos organiza un Festival dedicado a Asociación “Amigos da Coral Renfe” e outro de Panxoliñas; así mesmo realiza numerosos Encontros Corais nos que participan Agrupacións Corais de toda Galicia.

As últimas actuacións celebrounas en Ferrol, Pontedeume, Vigo, Lugo, Verín, Ouveia (Portugal), Culleredo, O Saviñao, Ourense, Teo, Seoane do Caurel, Santiago, Sarria, Chantada e A Gudiña. Foi a primeira entidade monfortina que creou dúas Escolas Infantís de Gaita e Danza de onde saíron músicos que despois crearon e dirixiron importantes grupos. Así mesmo dirixiron agrupacións de danza.

É Membro-Fundador de FECOGA (Federación Coral Galega), da FEAF (Federación Española de Asociaciones Folklóricas) e da FGD (Federación Galega de Danza). Ademais de interpretar cancións relixiosas, realizan versións de cancións populares próximas á xuventude actual.



## PROGRAMA

- 1- **NAVIDAD**
- 2- **VUELVE A CASA POR NAVIDAD**
- 3- **LLEGA EL DÍA** Coro de esclavos
- 4- **A BELÉN VINDE PASTORES**
- 5- **SUITE COMERCIAL NAVIDEÑA**

*de Antonio Machin -Adap. de Alfonso Campos  
Popular (Arr. Antoaneta Evdosieva)  
Giuseppe Verdi  
Villancico Popular  
Arr. José Bernardo Alvarez*

## CORAL VOCES E CORDAS – SOBRADO DO BISPO



Esta coral nace no ano 1986 froito da inqueda musical das persoas deste pobo, cunha directiva presidida por D. RAMON CID CRUZ, actual membro da Coral e baixo a batuta do director desta localidade D. ARSENIO ALONSO ARAUJO.

No ano 1989,ponse ó fronte da agrupación o seu actual director D. EPIFANIO NÓVOA VALENCIA que ó longo dos anos consegue darlle ao grupo unha personalidade propia nas súas interpretacións.

Esta coral conta c un amplo e variado repertorio que vai dende obras da Idade Media ata a actualidade.

No xénero das panxoliñas esta Coral conta con composicións orixinais propias con letra do tenor D. Modesto Blanco, que tamén é actual membro da Coral e musicalizadas polo seu Director Epi Novoa.

A coral ven participando activamente nos convenios culturais do Concello de Barbadás. Deputación de Ourense e Federación Coral Galega.

Ten editado un cd titulado "Sobrado Canta".

Actualmente a agrupación musical esta composta por 21 voces mixtas e presidida por D<sup>a</sup>. BEATRIZ CRESPO RAINDO.

## PROGRAMA

- 1- **NADAL**
- 2- **NENO XESUS**
- 3- **EL MI NIÑO TIENE SUEÑO**
- 4- **O MENIÑO ESTA DURMINDO**
- 5- **NOITEBOA , NOITE DE NADAL**

*trad.Inglés  
J.Dominguez  
pop Cantabria J.Busto Arm  
natal de Evora Arm, Mario de Sampayo Ribeiro  
A. Fdz. - León*

# CORAL POLIFÓNICA CONCELLO MONFORTE DE LEMOS



Fúndase en marzo de 1996 e está composta por 45 voces mixtas, o seu repertorio inclúe música sacra, popular galega, habaneras, polifonía en castelán, panxoliñas...

Ten no seu haber numerosas actuacións a nivel provincial, autonómico, nacional e internacional. Na nosa comunidade a coral polifónica de Monforte actuou en Ribadeo, Cee, Marín, Ourense, Pontedeume, O Grove, Mondoñedo, Lugo, Vigo, Pontevedra, etc... Así como en distintas partes do Estado como León, Zamora e en varias localidades Asturianas Cudillero, Villaviciosa, Mieres, La Felguera, etc.. Destacan a nivel internacional actuacións en Martigni (Suiza), Rennes (Francia), Cerdeña, Bolzano e Padua (Italia), Gotha (Alemania), Helsibor (Suecia), Oporto e Guimaraes (Portugal). No ano 1999 gravou un CD de polifonía variada.

A dirección da coral corre a cargo de D. FERNANDO SANMARTINO PÉREZ. Na actualidade compaxina a dirección da Coral coa de director do Conservatorio Municipal "Mestre Ibáñez" de Monforte de Lemos.

Piano/órgano: D<sup>a</sup>. María Quiroga Álvarez

Violíns: D<sup>a</sup>. Andrea Ferreiros Sánchez e D<sup>a</sup>. Uxía Castro de la Fuente

## PROGRAMA

1<sup>o</sup> – SEÑOR ME CANSA LA VIDA

2<sup>o</sup> – SOON A WILL BE DONE

3<sup>o</sup> – CANTIQUE DE NOËL

4<sup>o</sup> – NEARER MY GOOT TO THEE (PRETO DE TÍ)

5<sup>o</sup> – DEANOLO SEÑORA

*Juán Alfonso García*

*William L. Dawson*

*Adolphe Adam*

*Lowell Mason*

*Celada Alonso*

Finalmente e para despedir o acto, todas as corais presentes interpretarán conxuntamente o popular **ADESTE FIDELES**, himno de nadal composto por *John Reading* en 1680.